



Facultade de Bioloxía

Universidade Vigo

Facultade de Bioloxía

Búscanos en :

http://bioloxia.uvigo.es/gl

Facultade de Bioloxía - Universidade de Vigo

Universidade Vigo

Universidade Vigo









~ FACULTADE DE BIOLOXÍA ~

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo é unha institución nova na que se imparten os estudos de Bioloxía dende o ano 1990, data na que se fundou a Universidade de Vigo. Inicialmente a Facultade impartiu os estudos de Licenciatura en Bioloxía, cursados por 17 promocións de titulados. A partir de 2009 e seguindo as directrices do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), comezouse a impartir o Grao de Bioloxía, titulación plenamente consolidada na actualidade e cunha elevada demanda social. A Facultade tamén oferta varios títulos universitarios de máster, que se complementan cunha variedade de programas de doutoramento do ámbito da bioloxía ofertados pola Universidade de Vigo

Situada no Campus Universitario de As Lagoas-Marcosende, no municipio de Vigo, a Facultade de Bioloxía dispón de modernas infraestruturas e tecnoloxías en aulas e laboratorios experimentais. Posúe un amplo persoal de profesores, a maioría deles doutores, que fan da investigación un complemento excelente para a docencia.

A nosa facultade conta cun selo de calidade outorgado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia pola implantación do Sistema de Garantía Interno de Calidade.

Centro certificado
FIDES-AUDIT

Departamentos adscritos á Facultade

- Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde
- Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo
- Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía

Departamentos externos que colaboran na docencia

- Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal
- Departamento de Física Aplicada
- Departamento de Química Orgánica
- Departamento de Química Analítica e Alimentaria
- Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do territorio
- Departamento de Bioestadística e Investigación Operativa
- Departamento de Matemáticas
- Departamento de Deseño da Enxeñería

Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Universidade Vigo

Grao en Bioloxía

Breve descrición da titulación

Ámbito: científico
Duración: 4 cursos
Créditos ECTS: 240
Prazas: 75 no primeiro curso

1º curso	1er semestre	Evolución Física dos procesos biolóxicos Xeoloxía Matemáticas aplicadas á bioloxía Química aplicadas á bioloxía
	2º semestre	Bioestatística Ferramentas informáticas en bioloxía Solo, medio acuático e clima Técnicas básicas de campo Técnicas básicas de laboratorio
2º curso	1er semestre	Bioquímica I Botánica I: algas e fungos Citoloxía e histoloxía animal e vexetal I Microbioloxía I Zooloxía I: invertebrados non artrópodos
	2º semestre	Bioquímica II Botánica II: arquegoniadas Citoloxía e histoloxía animal e vexetal II Xenética I Zooloxía II: invertebrados artrópodos e cordados
3º curso	1er semestre	Ecoloxía I Fisioloxía animal I Fisioloxía vexetal I Xenética II Inmunoloxía e parasitoloxía
	2º semestre	Ecoloxía II Fisioloxía animal II Fisioloxía vexetal II Microbioloxía II Técnicas en bioloxía celular e molecular
4º curso	1er semestre	**Mención: Bioloxía aplicada á saúde** Bioquímica e inmunoloxía clínicas Bioloxía celular e fisioloxía integrativas: implicacións na saúde Xenética humana e patoloxía molecular Microbioloxía e parasitoloxía sanitarias **Mención: Bioloxía aplicada á produción** Análise e diagnóstico agroalimentario Biotecnoloxía aplicada á produción animal Biotecnoloxía aplicada á produción microbiana Biotecnoloxía aplicada á produción vexetal **Mención: Bioloxía aplicada ó medio ambiente** Análise e diagnóstico medioambiental Biodiversidade: xestión e conservación Avaliación de impacto ambiental Xestión e conservación de espazos
	2º semestre	**Optativa xeral** Xestión e control de calidade **Optativas xerais** Bioinformática Contaminación Prácticas externas **Proxecto e Traballo Fin de Grao** Redacción e execución de proxectos Traballo fin de grao

Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Formación especializada en Bioloxía

O Grao en Bioloxía proporciona unha formación especializada e enfocada no estudo dos seres vivos e a súa relación co medio no que habitan, orientada á preparación para o exercicio da profesión de biólogo.

Os alumnos do Grao adquiren os coñecementos necesarios para recoñecer e identificar organismos vivos, os seus niveis de organización e a diversidade biolóxica: o concepto e orixe da vida, a estrutura química dos organismo vivos, a xenética e os mecanismos da herdanza, a biodiversidade e a evolución. Os alumnos aprenden a recoñecer e identificar as funcións dos organismos e os mecanismos relacionados co metabolismo, a sinalización celular e aqueles que permiten a regulación e integración dos procesos fisiolóxicos.

Así mesmo, os estudantes son capaces de identificar e comprender os procesos de adaptación dos seres vivos ao seu ambiente, incluíndo o medio físico, a estrutura e dinámica de poboacións e comunidades, e o intercambio de materia e enerxía. Finalmente, aprenden a utilizar ferramentas estatísticas e informáticas e desenvolven a capacidade de análise e de razoamento crítico expondo solucións a problemas e casos de base biolóxica. Ao longo dos seus estudos, os alumnos fomentan a súa capacidade expositiva, de organización de tarefas e de traballo colaborativo.

Orientación investigadora e profesional

A titulación de Bioloxía posibilita que o estudante se forme nun ambiente práctico, no que aplica os coñecementos adquiridos aos ámbitos onde normalmente desenvolve a súa actividade profesional: sanidade (biomedicina), industria e servizos produtivos (biotecnoloxía), novas tecnoloxías (bioinformática), medio ambiente (biodiversidade, xestión e control medioambiental), e procesos de control de calidade.

A formación orientada facilita a inserción laboral do biólogo que traballa e investiga en sectores estratéxicos e de grande proxección social. A ampla formación básica e actualizada do biólogo tamén posibilita a súa dedicación a tarefas de investigación, divulgación científica e relacionadas coa formación e docencia.


Universidade Vigo

Prácticas Externas

As prácticas externas curriculares están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ao título. Realízanse nun entorno laboral e profesional real relacionado con algún dos ámbitos da bioloxía, baixo a supervisión dun titor na entidade colaboradora e un titor académico na Facultade de Bioloxía. Esta materia**,** de carácter optativo, aporta unha visión da profesión de biólogo aos estudantes, permitindo manter o contacto directo entre a facultade e o mundo profesional.

Ofrécese ademais a posibilidade de realizar prácticas externas extracurriculares, de deseño similar ás curriculares, pero en horario non lectivo. O alumno pode con estas prácticas complementar a súa formación en empresas do seu interese e relacionadas coa titulación.

Na actualidade existen convenios con máis de 50 empresas e institucións e organismos públicos e privados, nos diferentes ámbitos nos que capacita a profesión do biólogo.




Traballo Fin de Grao

O **"Traballo Fin de Grao"** ten como obxectivo que o alumnado poña en práctica os coñecementos e as competencias e habilidades adquiridas durante todo o período da súa formación académica.

A materia Traballo Fin de Grao implica a realización por parte do alumno dun traballo individual relacionado con algún dos múltiples ámbitos do mundo laboral propios do biólogo, sempre baixo a supervisión dun titor académico.

Esta materia realízase en laboratorios da Facultade ou en empresas e outras institucións externas. O alumno presenta o seu proxecto final mediante unha memoria escrita que defende oralmente ante un tribunal.



Orientación e apoio ao estudante

A Facultade ten completamente implantado un **Plan de acción tutorial**, que asegura a tódlos estudantes o apoio continuo dun tutor académico que os orienta e aconsella durante a súa estancia no centro.

Plan de Acción Titorial

Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Universidade Vigo

Estudos de Posgrao

Para completar a formación dos alumnos graduados, a Facultade de Bioloxía dispón dunha ampla oferta de estudos de posgrao. Así mesmo, estes títulos permiten actualizar e mellorar a formación a profesionais que están exercendo unha actividade laboral relacionada coas Ciencias Biolóxicas.

ACTIVIDADE PROFESIONAL

ACTIVIDADE ACADÉMICA - INVESTIGACIÓN

Os alumnos reciben unha formación avanzada, xa sexa para a súa inserción no mercado laboral, como para o seu acceso a un programa de doutoramento conducente ao título de doutor.

Na actualidade a Facultade de Bioloxía ten adscritos 7 mestrados oficiais que abarcan unha ampla variedade de contidos que permiten complementar a formación do biólogo especialista. Así mesmo ofértase un mestrado de formación de profesorado que habilita para o desempeño da función docente na ensinanza secundaria e a formación profesional.



▪ Mestrado en Biotecnoloxía Avanzada

Mestrado interuniversitario (UVI- UDC)

Proporciona ao alumno unha formación avanzada en Biotecnoloxía, de carácter especializado e multidisciplinar. O obxectivo é dobre: por un lado, trátase de formar profesionais para a industria biotecnolóxica e/ou actualizar e mellorar os coñecementos dos profesionais xa dedicados a esta actividade; por outra banda, fórmanse novos investigadores para incorporar en equipos de investigación de centros públicos e empresas.

http://masterbiotecnologiaavanzada.com/

Nº de prazas : *30 (15 na UVI e 15 na UDC)*

Tipo de ensinanza: *presencial*

Periodicidade da oferta: *anual*

Duración: *90 ECTS*

▪ Mestrado en Bioloxía Mariña

Mestrado interuniversitario (UVI- UDC- USC)

Na súa orientación profesionalizante o mestrado busca a formación de novos especialistas e a actualización de profesionais do sector, na avaliación, a xestión e a correcta explotación dos recursos mariños vivos, para garantir a súa sustentabilidade económica, biolóxica e medioambiental. Na súa orientación académica contempla a formación de persoal docente e investigador no campo da Bioloxía Marina. As prácticas externas en institucións e empresas oriéntanse ás preferencias laborais do alumno, e constitúen un impulso profesional de demostrado valor engadido.

http://masterbiologiamarina.uvigo.es/

Nº de prazas : ***30 (10 na UVI, 10 na USC e 10 na UDC)***

Tipo de ensinanza: ***presencial***

Periodicidade da oferta: ***anual***

Duración: ***90 ECTS***

Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Universidade Vigo

Mestrado en Acuicultura

Mestrado interuniversitario (UVI- USC- UDC)

Proporciona ao estudante unha formación avanzada, específica e multidisciplinar orientada á formación académica, investigadora e profesionalizante en Acuicultura. O alumno adquire coñecementos, destrezas e aptitudes que lle permitirán deseñar e levar a cabo investigación no campo da acuicultura, xestionar e controlar instalacións continentais e mariñas, avaliar o seu impacto ambiental e responder ás necesidades de I+D+i do sector, implementando estratexias para o futuro desenvolvemento da industria.

http://www.usc.es/macuicg/




Mestrado en Neurociencia

Mestrado interuniversitario (UVI- USC- UDC)

O Mestrado en Neurociencia pretende formar investigadores que colaboren no futuro á resolución do grande número de enfermidades relacionadas co sistema nervioso.

É un mestrado interdisciplinar que contempla unha especialidade básica e outra clínica. A primeira está dirixida á comprensión do funcionamento do sistema nervioso. A segunda está dirixida á investigación das patoloxías do sistema como Parkinson, Alzheimer, entre outras.



http://www.usc.es/gl/titulacions/masters_oficiais/neurosci/


Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Mestrado en Xenómica e Xenética

Mestrado interuniversitario (UVI- USC)

Aporta o coñecemento para o desenvolvemento de novos produtos biotecnolóxicos, novos fármacos, a mellora da saúde humana e animal, a conservación e manexo de plantas e animais, o control de parasitos e microorganismos, así como a comprensión dos fenómenos evolutivos do pasado e do presente de todos os organismos vivos.

http://www.usc.es/masteres/es/masteres/ciencias-salud/genomica-genetica



Mestrado en Biodiversidade terrestre: caracterización, conservación e xestión

Mestrado interuniversitario (UVI- USC-UDC)

Proporciona ao alumnado unha formación avanzada e especializada nestes estudos.

O obxectivo é formar profesionais para empresas de Consultoría Ambiental, Empresas Ambientais e Administracións e mellorar os coñecementos dos profesionais xa dedicados a esta actividade. Ademais fórmanse novos investigadores para incorporar en equipos de investigación de centros públicos e empresas relacionados coa caracterización, a conservación e a xestión da biodiversidade terrestre.



Nº de prazas : *30 (10 en UVI, 10 en USC e 10 en UDC)*

Tipo de ensinanza: *presencial*

Periodicidade da oferta: *anual*

Duración: *90 ECTS*

http://www.usc.es/masteres/es/masteres/ciencias/biodiversidad-terrestre-caracterizacion-conservacion-gestion

Universidade Vigo




▪ Mestrado para o Profesorado de E.S.O., Bacharelato, F.P. e Ensino de Idiomas

Mestrado universitario (UVI)

A súa misión é formar profesionais capaces de desenvolver o seu traballo nos ámbitos da orientación e do ensino.

É unha titulación necesaria para acceder a ser profesor de educación secundaria, bacharelato e formación profesional, tanto en centros públicos coma privados.

http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es



Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Universidade Vigo

Estudos de Doutoramento

Os estudos de doutoramento son a etapa final da formación académica e conducen á obtención do título de doutor. A estrutura formativa dos programas de doutoramento inclúe a realización de cursos e unha etapa de investigación na que o alumno desenvolve a Tese Doutoral.

Na Universidade de Vigo, os programas de doutoramento dependen administrativamente da Escola Internacional de Doutoramento, pero manteñen unha forte vinculación cos centros onde desenvolven as súas actividades formativas e de investigación.

Na actualidade distintos programas de doutoramento manteñen un estreito vínculo coa Facultade de Bioloxía, todos eles cunha forte orientación á investigación de procesos relacionados coa bioloxía e as súas aplicacións.



- ***Biotecnoloxía Avanzada***
- ***Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida***
- ***Neurociencia e Psicoloxía Clínica***
- ***Endocrinoloxía***
- ***Nanomediciña***
- ***Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión (Do*Mar)***

Facultade de Bioloxía
Universidade Vigo

Actividade Investigadora

A investigación constitúe unha importante actividade da Facultade de Bioloxía. A actividade investigadora lévase a cabo por diferentes Grupos de Investigación onde se integran investigadores que traballan nos distintos ámbitos da bioloxía.

A Facultade conta con laboratorios das distintas especialidades dotados de modernos equipos científico-tecnolóxicos que posibilitan a investigación de alto nivel. Así mesmo, os grupos de investigación afincados na facultade contan co apoio científico doutros centros da propia Universidade de Vigo, como son o Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), a Estación de Ciencias Marítimas de Toralla (ECIMAT) e o Centro de Investigación Biomédica (CINBIO). É por iso que os estudantes que acceden á Facultade de Bioloxía se integran nun espazo científico onde se realiza unha investigación de excelencia con grande proxección nacional e internacional.










Universidade Vigo

Programas de Mobilidade



Erasmus plus:

Consiste na realización dun período de estudos (un semestre ou o curso completo) nunha universidade doutro país europeo, con total recoñecemento académico dos estudos realizados.

Erasmus prácticas:

Realización dun período de prácticas (de entre 3 e 12 meses) en empresas, centros de formación, centros de investigación e outras organizacións doutro país europeo.

SICUE:

Programa de mobilidade entre centros universitarios Españoles. Permite realizar un período de estudos (un semestre ou un curso completo) noutra universidade española, con garantía de recoñecemento académico.



Unha das prioridades da Facultade de Bioloxía é **promover a movilidade** dos nosos estudantes. Neste sentido, a facultade participa activamente nos programas oficiais de mobilidade, fundamentalmente no marco dos programas SICUE e Erasmus.

Para o programa SICUE, o labor de xestión na Facultade está a cargo do Vicedecanato de Relacións Externas. Os estudantes que se acollen a este programa deben asinar un acordo académico no que se establecen as materias que o estudante cursará na universidade de destino e as materias da Universidade de Vigo que lle serán recoñecidas.

No caso do programa Erasmus, a xestión xeral do programa é levada a cabo pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI), en colaboración co Vicedecanato de Relacións Externas. Os estudantes que se acollen a este programa deben asinar un "learning agreement" ou acordo académico antes de iniciar o intercambio. Neste acordo establécense as materias que
O estudante cursará na universidade de destino e as materias da Universidade de Vigo que lle serán recoñecidas.



Instalacións docentes e servizos

~ FACULTADE DE BIOLOXÍA ~



Aulas docentes con equipos de proxección




Aula de informática

Aulas de videoconferencia





Laboratorios de docencia equipados para cada unha das áreas de coñecemento



Biblioteca actualizada cunha moderna sala de lectura e estudo



Laboratorios de investigación de diferentes especialidades



Rede WIFI en todo o edificio



Salón de actos para máis de 300 persoas

Cafetería e comedor no propio centro

